

**CLUBE CICLOTURISTA VALLADARES**  
**CMÑO. DO PEDREGAL, 6**  
**36.315 – VIGO**  
**CIF: G- 36796258**  
**TELÉFONO. 625620918**

**OFERTA DE EMPREGO DOS POSTOS CREADOS AO ABEIRO DO PLAN  
MUNICIPAL DE EMPREGO 2015**

O Club Cicloturista Valladares, ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir os seguintes postos de traballo temporal, (dende o 1 de xullo ata o 30 de setembro do 2015)

**1º.- Monitor deportivo, durante 4 horas diarias de xullo a setembro**

Titulación requirida: Ciclo medio ou superior en actividades físico deportivas

**2º.- Operario de mantemento, durante 4 horas diarias de xullo a setembro**

Titulación requirida: Non se precisa. Acreditar experiencia en traballos de albanería, cantería, electricidade, fontanería e outros de características similares preferentemente en instalacións deportivas.

**3º.- Auxiliar de limpeza, durante 4 horas diarias, de xullo a setembro**

Titulación requirida: Non se precisa. Acreditar experiencia de traballo preferentemente en instalacións deportivas.

**Criterios de escolma para todos por orde de preferencia:**

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos), ou acrediten maior experiencia.

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- As parellas que estean os dous en situación de desemprego e dentro destas o nº de [fill@s](mailto:fill@s) a cargo, ou familias monoparentais con fillos a cargo.

4º.- Que sexan [soci@s](mailto:soci@s) deste Club, do Centro Veciñal de Valladares ou de calquer outra entidade deportiva da Parroquia.

5º.- Que teñan experiencia no desenvolvemento do posto na entidade con anterioridade ou en calquer outra de carácter deportivo da parroquia.

6º.- Os residentes na parroquia de Valladares.

7.- Si estes filtros non deixan un único candidato por posto, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidatos non cumpran os requisitos, recurrirase a oficina de Emprego ou a outras vías para cubri-lo posto.

**CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:**

Non se admitirá como candidato a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo dende o 1 de xaneiro do 2014, que non cumpra coa titulación ou experiencia mínima requirida no posto, agás que ningún candidato dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego.

**A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A documentación entregarase en man, nas oficinas do C.V.C.V. Valladares, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta, cunha fotocopia da tarxeta de desemprego e dun volante de residencia ou empadronamento, cunha fotocopia do título que o habilita para optar o posto e/ou Curriculum Vitae e os contratos laborais ou acreditacións oficiais que proben a experiencia no posto. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables.

As familias nas que a parella estean os 2 desempregados ou as familias monoparentais adicionalmente presentarán unha fotocopia do libro de familia na que figuren eles e os fillos e outra das respectivas tarxetas de desemprego.

**Prazo límite de entrega da solicitude : 29 de xuño ás 21,00 horas.**

**Data da escolma: 30 de xuño do 2015.**

**Só se avisará @ candidat@ seleccionado.**

Subvencionada

